


Mera: Avanza o paseo

Os veciños de Mera ven cada día cómo avanza as obras do seu futuro Paseo Marítimo. Avanza coas molestias que provoca calquera obra desta envergadura, pero coa decisión de dotar á localidade dunha digna fachada marítima que recuperará todo o litoral e permitirá peatonaliza-lo espacio urbano de Miramar.



Concello de  Oleiros

O Punto Limpo é para todos

Unha instalación que debemos utilizar máis.
Páxina 4

Vivir en Oleiros

Número 14
Maio de 2003
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Montrove estrea o parque máis romántico do municipio / Última páxina



Montrove
O parque misterioso

De novo contigo

- O Pleno Municipal correxiu o erro e Vivir en Oleiros volve a estar na túa man, para que teñas toda a información que te mereces.
- Como sabes, hai meses o trío formado por BNG, PSOE e PP, apoiados nunha discutible fórmula legal, aprobaran amordazar ó Concello e impedir este contacto directo entre a alcaldía e os veciños, que agora recuperamos.
- Este é un medio aberto, sereno e plural, no que collemos todos. Por favor, facédenos chegar as vosas opinións a través de calquera medio e terémolas en conta.
- Todos, ti tamén, debemos cooperar na mellora dos asuntos que a todos nos afectan. Moitas grazas.

Aprobado o Presuposto de 2003

■ O Goberno Municipal logrou que o Pleno aprobase os presupostos deste ano, que ascenden en conxunto a 41 millóns de euros. As contas contaron cos votos favorables do Grupo Municipal da Alternativa dos Veciños e dous concelleiros que abandonaron o Grupo Popular, Antonio García e Jaime Porta.

■ Este novo presuposto sigue a situar a Oleiros como principal referente da xestión municipal en Galicia, xa que a inversión municipal ronda os 900 euros (150.000 pts.) por habitante. O urbanismo segue a ser o motor financeiro do Concello, o que se está aproveitando para realizar infraestruturas que melloren a nosa calidade de vida que doutro xeito tardaríamos anos en obter. **En páxinas centrais podes atopar unha relación de obras e inversións previstas para este ano.**



Melloras na Avda. do Mar
O pintado e os pivotes protectores melloran xa esta importante vía que comunica pola costa o centro e o norte do Concello.

¿Cántos somos?



PARROQUIAS

Table with 2 columns: Parroquia, Poboación. Rows include Dexo (1.383), Dorneda (3.437), Iñás (1.182), Liáns (7.787), Maianca+Serantes (2.398), Nos (4.069), Perillo (7.047), Oleiros (2.414), Total (29.717).

Os teus teléfonos

Teléfono do Veciño
Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde, ininterrompidamente
981 610 000

Table with 2 columns: Servizo, Teléfono. Rows include Concello de Oleiros (981 610 000), Policía Local (24 horas) (981 610 001), Garda Civil de Oleiros (981 610 067), etc.

Centros municipais de actividades

Table with 2 columns: Centro, Teléfono. Rows include Centro Cultural A Fábrica (981 636 598), C. Cultural As Torres de Sta. Cruz (981 630 618), etc.

Centros educativos

Table with 2 columns: Centro, Teléfono. Rows include C. Formación Isaac Díaz Pardo (981 631 706), Escola Infantil Esquio / Dorneda (981 626 638), etc.

Bibliotecas

Table with 2 columns: Biblioteca, Teléfono. Rows include Central Rialeada / Perillo (981 639 511), Sta. Cruz (981 626 338), etc.

Servicios Varios

- Veterinarios: Santa Cruz 626310, Gayacan 660335 / Vilanova, Salud Animal 631651 / Os Regos
— Maquinaria de construción: J. Barreiro 635474 / Oleiros
— Reparación coches e bicis: J. Galán 610710 / Oleiros
— Fontanerías: A. Taibo 614529 / Sta. Cruz, A. Guillín 631567 / Oleiros, etc.

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalo.

Transportes

TAXI a domicilio: Tlf. 981 651 111

Table with 2 columns: Destino, Teléfono. Rows include Aeroporto de Alvedro (981 187 200), Estación autobuses A Coruña (981 239 099), etc.

Horarios Cal Pita

Table with multiple rows detailing bus routes (1, 2, 3, 4, 6a, 6b) and their schedules for Laborables, Sábados, and Dom+fest. Includes routes to A Coruña, Perillo, Montrove, etc.

Un concello vivo



101.5 FM

Toda a actualidade local

Informativos cada hora en punto durante a mañá
Axenda cultural cada hora (ás medias)
Seguimento da actualidade, os servizos municipais, a vida veciñal e os deportes base

24h de música sen complexos

Faite oír sen ataduras.

Cóntanos o que queiras no 981 631 078

Querida lúa

O ciclo da lúa

Table with 2 columns: Día, Horas. Rows include Chea (16mai / 14xuñ / 13xull / 12ago), Mingua (23mai / 21xuñ / 21xull / 20ago), Nova (1mai / 31mai / 29xuñ / 29xull), Medra (9mai / 7xuñ / 7xull / 5ago)

Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

- TURNO 1 Están de Guardia do 9 ó 16 mai. e do 13 ó 20 xuñ. A este turno pertencen: Oleiros [Camilo D. Valiño, 1] • O Temple. [Costa da Tapia, 31]
TURNO 2 Están de Guardia do 16 ó 23 mai. e do 20 ó 27 xuñ. A este turno pertencen: Mera-Serantes-Lorbé • O Portazgo-Vilaboa • Cecebre
TURNO 3 Están de Guardia do 23 ó 30 mai. e do 27 xuñ ó 4 xul. A este turno pertencen: Perillo [Avda. Rosalía Castro] • Cambre
TURNO 4 Están de Guardia do 25 abr. ó 2 mai., do 30 mai. ó 6 xuñ. e do 30 xuñ ó 6 xul. A este turno pertencen: Nos • Rutis [Av. Vilaboa]
TURNO 5 Están de Guardia do 2 ó 9 mai. e do 6 ó 13 xuñ. A este turno pertencen: Santa Cruz [Avda. Concepción Arenal] • O Burgo
Servicio permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

- M.C. López 637010 / Sta. Cruz
A. Martínez 611317 / Oleiros
R. Mesias 660684 / Nós
J. Novo 908084450 / Oleiros
J. Pardo 631127 / Dorneda
R. Pol 635325 / Perillo
— Instalacións eléctricas: E.F. Orro 908584277 / Mera, R. Pol 635325 / Perillo, J.L. Rodríguez 626270 / Dorneda, A. Vian 637254-908584691 / Perillo
— Albanelería: J.M. Alvarez 617788 / Serantes, A. Arevalo 617243 / Dexo, etc.

- L. Siso 617461 / Mera
M. Siso 617467 / Mera
R. Suárez 615239 / Dorneda
A. Sueiro 614849 / Dorneda
A. Uzal 908581521 / Rialta
M. Vallo 610812 / Oleiros
F. Vazquez 614927 / Santa Cruz
M. Vidal 631015 / O Valiño
M. Vieito 610060 / Oleiros
— Notarios: R. Benzo 611506 / Oleiros
— Herbolisterías: La Fresa Silvestre 637118 / Perillo
— Masaxes-SPA: Agua de Sta. Cristina 637303 / Perillo
— ATS-Fisoterapeutas: M. Miranda 638633 / Perillo, J.L. Sanchez 638234 / Perillo



Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane

Seguiremos a traballar como ata agora

A alianza formada nestes tres últimos anos polos partidos da oposición no Concello de Oleiros, PP, PSOE, BNG, á que según quen opine, agora que lamentablemente está tan de actualidade podería denominar "eje del mal" ou "los aliados", non foron capaces de impedir, unha vez máis, que fose aprobado o Presuposto Municipal para o

presente ano.

O "sitio" ó que someteron ó Goberno Municipal da Alternativa dos Veciños, intentando impedirle gobernar e paralizandoo a administración local, non lles dou os froitos agardados. Sabido era que tribus diferentes, con distintos credos, ideoloxías e múltiples intereses, dirixidos por "emires, sultanes, príncipes e xenerales", rematarían

abrindo flancos nas súas filas e rompendo o cerco.

Gracias ó desconcerto creado, a Alternativa dos Veciños logrou a aprobación dun Presuposto que garantizará novos servizos, equipamentos e infraestruturas que determinarán a calidade de vida e o progreso ordenado de Oleiros.

De igual xeito, as diversas entidades veciñais, cul-

turais e sociais do Concello beneficiaránse dos cartos previstos no orzamento para desenvolver as moitas actividades que, xunto coas promovidas directamente pola Fundación Municipal de Cultura, fan de Oleiros un Municipio vivo.

Unha vez máis Oleiros gana. Imperou a forza moral, a capacidade e habilidade política fronte ó odio persoal e


a animadversión permanente. O noso Concello non podía permitirse o luxo de manter a situación de crisis constante pola carencia dun Goberno con maioría absoluta.

O futuro de Oleiros pode ser moi bó ou moi malo. Nas vosas máns está a solución.



O Grupo Municipal Popular desestimou a invitación de comunicarse cos lectores de Vivir en Oleiros realizada pola Alcaldía en dúas ocasións: o 27 de marzo e o 7 de abril, tal como demostran estas cartas asinadas pola Alcaldesa e recibidas polo Grupo.

Lamentamos non poder ofrecerlles esta estimada colaboración.



Partido Socialista Obrero Español / Grupo Municipal Socialista

El momento del cambio, de un cambio tranquilo

Desde el "aparato de propaganda" del gobierno de Oleiros nos piden este artículo para justificar la pluralidad de este "Vivir de Oleiros". Resulta lamentable que esta publicación se utilice para la descalificación política partidista, acudiendo una y otra vez a la manipulación, el insulto y la mentira.

Afortunadamente las próximas elecciones están ahí y ustedes podrán decidir con su voto quienes serán los encargados de gobernar en este Ayuntamiento. Los socialistas de Oleiros apostamos por un gobierno

al servicio de todos y que respete a todos, sin exclusión.

Como aquí no nos permiten escribir más que este pequeño artículo (aunque esto se pague con dinero de todos), les animamos a que lean las distintas publicaciones, (pagadas con nuestros fondos), que los simpatizantes socialistas están repartiendo por todos los domicilios, y que visiten nuestra página en internet www.oleiros.net.

También les invitamos a los actos públicos que vamos a realizar en todas las parro-

quias de Oleiros, y a que se acerquen a nuestra sede en la Plaza da Rabadeira, o nos llamen a nuestro teléfono del vecino: 981 611 837.

Estamos seguros de que con su apoyo, nuestro candidato a la alcaldía, Luis Vázquez, podrá iniciar el camino de regeneración democrática que la mayoría de los ciudadanos de Oleiros reclama.

Termina la legislatura y, desgraciadamente, este Gobierno Municipal no ha sido capaz de solucionar los problemas que

"estrangulan" el desarrollo de Oleiros: carreteras, transporte público, aceras, aparcamientos o vivienda. Ni tan siquiera han presentado los presupuestos del año 2002.

Conscientes de la repercusión electoral de su fracaso, presentan ahora, a un mes de las elecciones municipales, los presupuestos de 2003: un listado de aceras, de alumbrados y asfaltados que han estado negando durante 20 años y que deberá realizar el nuevo gobierno que salga elegido.

El listado de obras que anuncia a bombo y platillo este folleto de propaganda al que llaman "Vivir Oleiros", no es más que la crónica del fracaso de Alternativa dos Veciños. Otros concejales y otro equipo de gobierno, que aspiramos a encabezar, será quien deba realizar todos los proyectos pendientes.

Los socialistas, y su candidato Luis Vázquez, esperamos contar con el apoyo ciudadano suficiente para que a partir del 25 de Mayo Oleiros cuente con un gobierno eficiente, dinámico y dialogante; un gobierno para resolver problemas, no para crearlos.

Es el momento del cambio, de un cambio tranquilo.



Bloque Nacionalista Galego / Antón Tenreiro Ferreiro

Nunca máis ao Partido Popular

O BNG desexa desplazar definitivamente ao PP do goberno das institucións na Galiza, pero non por antoño, senón porque definitivamente ten amosado a súa única incompetencia e falta de respecto á democracia e aos cidadáns en asuntos como o do Prestige ou a guerra en Iraq, e nós detestamos as políticas do Partido Popular tamén nos Concellos independentemente de como se chame quén execute. A forza da xente cons-

truíra o futuro na Galiza e en Oleiros. O BNG é a única forza de futuro con un proxecto para o Concello, para a comarca e para o País fuxindo de localismos absurdos. NUNCA MÁIS ao desprezo, nunca máis ao PP, nunca máis á guerra. O apoio ao BNG nas vindeiras eleccións será o freo a políticas que defenden intereses de grandes grupos económicos e o garante da defensa dun concello para todos.

Para os residuos que non poden tirarse nos contedores convenciconais

O Punto Limpo é para ti

Moitos cidadáns non coñecen aínda o Punto Limpo, situado na rúa que une Oleiros con Iñás, Fonte do Ouro. Témola obriga de deixar alí os refugallos que non poden depositarse nos contedores convenciconais.

Aínda que a utilización dos puntos limpos por parte dos veciños estase a ver incrementada, son moitos os que descoñecen as características dos mesmos, as veces é esta falta de información a que os leva a non utilizalos, aquí poderán aprender algo máis acerca deste servizo.

Desde outubro do pasado ano ven funcionando, coordinado co Consorcio As Mariñas, o Punto limpo, tamén coñecido como Punto Verde ou Ecoparque no Concello. Estas instalacións


naceron para facilitarlle ós veciños o depósito de aqueles residuos, tanto asimilables como urbanos que teñen difícil cabida nos contedores convenciconais e no tratamento do residuo sólido urbano.

Desta maneira evítase o depósito deses residuos no noso hábitat, reducindo así os vertidos incontrolados e a posible contaminación dos solos.

Non obstante, o Punto Limpo aínda non é un hábito para moitos veciños.

Todos temos a obriga de depositar neles os residuos que non teñen cabida noutros contedores.

Os puntos limpos son instalacións para residuos domésticos, xa que non foron creados para os vertidos de residuos industriais, que de conformidade coa Lei de Residuos Sólidos de Galicia teñen un tratamento distinto en función do material de que se trate.



Residuos que se poden depositar no Punto Limpo:

- Mobles
- Restos de Podas
- Pilas Usadas
- Fluorescentes
- Pequenos escombros
- Electrodomésticos



O Uso do Punto Limpo, en cifras

	Usuarios Nº	Chatarra Kg	Podas Kg	Escombros Kg	Electrodom. Nº
Outubro	9	100	300	0	0
Novembro	159	2.700	17.000	2.250	20
Dicembro	204	3.100	15.100	3.100	14
Xaneiro	282	4.000	11.900	3.800	13
Febreiro	233	2.100	9.100	3.100	52

Loitar contra os vertedoiros incontrolados é unha obriga de todos. Este de Montrove é un exemplo de incivismo que temos que combatir.

Lembra: a eficacia da reciclaxe depende de ti

Respeta-los **horarios** > Entre 9 e 12 da noite (non sábados nen vésperas de festivos)

Separar na casa > Vidro, papel, pilas, restos orgánicos e restos inertes

>>> **Orgánicos** > Ó contedor de tapa verde

>>> **Inertes** > Ó contedor de tapa laranxa

>>> **Vidro** > Ó "iglu" verde

>>> **Papel e cartón** > Ó caixón azul

>>> **Pilas** > Casas pobo ou establ. colaboradores


>>> **Dúbidas** > 981 783 455
> Consorcio As Mariñas

Poder camiñar por espacio público entre Lorbé e o Graxal é o obxectivo final

A rexeneración completa da costa

Protexer urbanísticamente a costa, rexenera-la súa vida natural e potenciala para que os veciños a disfruten son os obxectivos do Concello.

A maioría das accións de protección e restauración da costa aquí reflexadas son xa realidades. Outras están en diferentes fases dun proxecto municipal que quere facer da costa de Oleiros un continuo parque para que se poida camiñar por terreo público entre o parque do Graxal, na ría do Burgo, e o porto de Lorbé, case no límite con Sada. A maior parte da nosa franxa costeira xa está disposta para o uso público.



Renovada a maqueta do territorio municipal

Exposición sobre Oleiros e o medio ambiente, no Castelo



No mes de maio poderás contemplar no Castelo de Santa Cruz unha fermosa exposición sobre a importancia que o medio ambiente ten en Oleiros, tanto no territorio, coma nas infraestruturas coma nas liñas de acción institucional.

Unha chea de paneis informativos completarán a información aportada pola maqueta municipal, que fóra elaborada co gallo da exposición "Oleiros desde o ceo" e agora se mostra restaurada e con

máis e mellor información, entre a que destaca especialmente os recursos medio ambientais.

Tamén hai un espacio disposto para os importantes proxectos que nos próximos anos farán da Ría e do conxunto do litoral un espacio completamente restaurado e con novos alicerces para o ocio e un turismo responsable e respetuoso co medio natural.


■ *Estará aberta todo o mes de maio, e ocupará as salas de exposición do Castelo*

Varias obras para o acondicionamento de lugares de interés sociocultural, educativo e turístico

Varias rotondas axilizarán o tráfico

Tres importantes puntos de tráfico serán mellorados próximamente gracias á construción de diferentes rotondas.

Cristo Rey / O CARBALLO





A Obra: Urbanízase todo o entorno entre o colexio e a N-VI. Gracias ás cesións do colexio constrúese unha rotonda para regula-lo tráfico e créanse dous accesos ó recinto: un para autobuses e outro para particulares. Tamén se crean novas aceras e aparcamentos.

Ubicación: Na confluencia das Avdas. Miguel Hernández e Carlos Maside, entorno do Colexio Cristo Rey, moi perto da N-VI, a donde chegarán os efectos da obra.

Canide / MAIANCA

Ubicación: Na entrada á urbanización Canide

A Obra: Actualmente asfaltouse un pequeno tramo que quedaba, pero agora vai construírse este novo acceso que no futuro servirá tamén para enlaza-la circunvalación de Mera e acceder tanto á urbanización actual como á nova. Facilitase tamén a circulación dos autobuses do transporte escolar do Colexio Luis Seoane.



Tamén na Nirvana
Nesta curva á saída de Perillo pola Av. Che Guevara haberá unha rotonda que dé acceso á nova circunvalación, no espacio da Urbanización O Carballido.

Outra obra retrasada

Fomento contrata por fin a reforma da N-VI no Seixal

A reforma da estrada N-VI nos cruces do Seixal e o Clube de Tenis foi por fin contratada polo Ministerio de Fomento.

En plena crise do Prestige, o goberno central veuse na necesidade de anunciar tódalas contratacións que lle foi posible, polo que rescatou do caixón este proxecto municipal de resolve-lo tráfico neses puntos, que tantas colas provocan na actualidade.


Como xa informamos en repetidas ocasións, as obras consisten en crear pasos a diferente nivel para os vehículos que circulen de paso, e para as conexións locais (accesos ó Graxal, Costa da Tapia, estrada de Abegondo, rúas que van a Montrove e futura urbanización O Vieiro).

Esta obra suporá tamén un importante incremento da seguridade viaria, xa que quedará todo urbanizado e con espazos para peatóns.

O tramo Pasaxe-Graxal
O Concello solicitou a Fomento que o tramo entre a ponte da Pasaxe e O Graxal fose considerado travesía urbana, e pode que en breve prazo, o Concello sexa responsable da ordenación do tráfico nesa zona tan importante e concorrida. Seguiremos loitando por conseguir melloras nos tramos entre o Graxal e Iñás.

Lucín / PERILLO

Ubicación: Entre as rúas Rosalía Castro e Areal, na confluencia da subida a Perillo e o camiño máis directo e utilizado entre A Coruña e Oleiros.



A Obra: Pequena micro-rotonda na confluencia, para a autorregulación da circulación de automóviles e a eliminación do semáforo, que quedaría só para uso de peatóns.

Continúa a política municipal para facilitar o acceso á vivenda, con novas promocións de prezo público

147 novas vivendas protexidas



■ Construiránse próximamente en Canide, Perillo e Oleiros

As Torres	Oleiros	24 vivendas
O Carballido	Perillo	26 vivendas
Fonte da Barreira	Perillo	67 vivendas
Canide	Mera	30 vivendas
TOTAL		147 vivendas



Urbanización As Torres, en Oleiros

Nun prazo inmediato o Goberno Municipal sacará a subasta novas parcelas para a construción de vivendas de protección oficial adquiridas polo Concello a través da xestión urbanística no desenvolvemento do solo destinado a novas urbanizacións, como son: O Carballido, A Fonte da Barreira (Perillo) e Canide (Mera).

As entidades adjudicatarias destas parcelas a través de subasta pública atópanse obrigadas a abrir un período de puxa por parte dos veciños de Oleiros por un período de 3 meses.

Transcurrido este prazo os adjudicatarios poderán vendelas a outros cidadáns que cumpran coas premisas para adquirir este tipo de vivendas, o que implica que os seus salarios non superen os máximos establecidos polo Instituto de Vivenda da Xunta de Galicia.

En tódolos casos os

adjudicatarios se beneficiarán dunha aportación a fondo perdido e duns intereses baixos que neste momento están sobre un 1% con períodos de 20 anos prorrogable a 5.

As vivendas a construír en Perillo, no Carballido atópanse na parcela inmediata á zona verde próxima á Piscina Municipal; na Fonte da Barreira lindantes co camiño (futura rúa) que une a Avenida Rosalía de Castro coa Barreira; e as de Canide na zona baixa limítrofe cos accesos ó Colexio de Canide.

Asimismo xa se encontra a licitación pública a parcela sita na Urbanización As Torres de Oleiros, que facilitará a edificación de 24 vivendas, distribuídas en baixo e dúas plantas cunha parcela de 1.500 metros privada, coas mesmas características e obrigacións que as anteriormente citadas.

Unha operación claramente especulativa

O negocio encuberto da Xunta en Mesón da Auga

■ *As familias que optan a estas vivendas públicas, perxudicadas pola tardanza na súa construción*

Algunhas cifras estimadas da operación		
	Importes/m ²	Importes totais
Prezo da vivenda en 1998 (90 m ²)	680 €	61.200 €
Prezo da vivenda hoxe (90 m ²)	973 €	87.570 €
Prexuízos causados a cada comprador		26.370 €
Importe todas as vivendas en 1998		11,5 millóns €
Importe todas as vivendas hoxe		16,5 millóns €
Beneficios estimados da entidade promotora pola venda dos edificios		5 millóns €

A construción de 189 vivendas de prezo público directamente promovidas pola Xunta a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo convertíronse nunha auténtica operación especulativa coa que o goberno autonómico gaña diñeiro.

Os terreos para a súa construción fóron mercados hai 5 anos. O tempo transcorrido e a política governamental fixo que o prezo da vivenda pública aumentase moitísimo nestes anos, xa que en 1998 era de 680 pts/m² e agora está fixado en 973 pts./m².

Como se pode comprobar no cadro adxunto, a diferenza entre o prezo da vivenda si a construción fose realizada no seu momento, e o prezo actual, produce un significativo beneficio do que alguén se estará lucrando de maneira inxustificada.

Pero quen máis perxudicadas saen son as familias que optan a conseguir unha desas vivendas. Eles son os que terán que pagar cantidades superiores ás que resultarían se a construción se realizase hai anos, xa que o lucro obtido polo IGVS non lles beneficiará directamente.

Hoxe, a urbanización só deu os primeiros pasos, pero a construción das vivendas segue paralizada sen que a Xunta dé explicacións.

Desde o Concello compartimo-la indignación das familias que teñen posta a súa esperanza de mercar unha vivenda en Mesón da Auga e ven cómo cada día que pasa os prezos se incrementan. E os beneficios especulativos tamén.

■ *Se non se ofrecen prazos fiables, o Concello pedirá ó fiscal e ó Tribunal de Contas unha investigación pública*


As urbanizacións garantizan espazos pouco densos, con moitos parques e novas vías públicas

Mera e Perillo medran con novos espazos

As urbanizacións do novo Canide, Cividanes e O Carballido van transformar significativamente Mera e Perillo. A súa construción comezará nos próximos meses e traerá consigo novos parques e importantes vías de comunicación.

Cividanes SERANTES O centro de Mera

O espazo que existe tra-la cafetería Nai-Pai, no centro de Mera, estará ocupado por unha nova urbanización que incorporará a esta localidade importantes melloras na súa estrutura urbana. Ademais de construír 107 novas vivendas, dará lugar a unha praza pública de 8.500 m². Baixo dela, un aparcamento con prazas públicas, especialmente interesante para o servizo dos usuarios da praia, no verán.



O Carballido PERILLO Nova circunvalación

Axéitase o entorno da Piscina Municipal


Aínda que é a aportación máis significativa desta urbanización a Perillo, a nova rúa Miradoiro non será a única.

Xa cedeu o terreo no que se construíu a Piscina e aínda terá que ceder outros espazos para equipamentos e parques en toda a baixada de Miradoiro.

Pero o máis importante será a ronda que comunicará a nova glorieta da Nirvana co Alto de Perillo, o que permitirá unha circulación alternativa cara á Avda. das Mariñas.

O novo Carballido conta con 63.350 m² nos que se construírán 95 vivendas unifamiliares e 144 en pisos (máis de 50 delas de prezo público). Tamén traerá consigo a urbanización do entorno da Piscina Municipal e se crea unha nova escola infantil de 0 a 3 anos.

Canide MAIANCA Os parques do mar



Dous parques litorais, un a cada lado da península de Canide, será a aportación máis significativa desta urbanización que permitirá construír vivendas en pranta baixa e en altura, entre elas 30 de prezo protexido.

Estas vivendas edificaráanse no solo que o Concello subastará despois de obter a súa propiedade como cesión urbanística.

O novo Canide supoñerá completa-la urbanización xa existente, que hai poucos meses mudou a súa fisonomía instalando tódolos servizos dun entorno de calidade.

Un dos parques correrá cara ó norte e outro cara ó sur, deixando no medio a avda. do Morro de Canide e parte da antiga urbanización.

En toda a baixada a Mera restáurase a vía pública e constrúese un carril-bici. Ademais, no centro da urbanización créase unha gran praza pública.

O Paseo Marítimo ofrecerá un nova imaxe da praia que mira poñerse o sol



Cando rematen as obras do paseo, mirar ó mar en Mera será diferente. O actual aspecto descoidado do litoral dará paso a unha nova fisonomía na que a madeira poñerá o xenuino toque de distinción que require a poboación.

Comeza a restauración integral do Valiño

Están comezando as obras de reforma da Urbanización O Valiño, que se restaura para equipararse co resto dos espazos urbanizados.

Despois da experiencia de Canide, O Valiño é a outra gran urbanización que quedaba por legalizar, co que os seus propietarios poderán volver a solicitar permisos de construción, que ata o momento estaban bloqueados.

As obras consisten na dotación de auga, alumeadado público, aceras, conductiones de residuais, etc. O investimento para arranxar esta urbanización de Nos ronda os 134 millóns de pts. (800.000 euros), que serán maiormente aportados polos propietarios, xa que se eles son sobre todo os que se benefician da nova situación ó pasar a ter solares dotados de tódolos servizos.

Mera: a nova cara do solpor

Mera observa estes días como avanza as obras máis significativas da súa historia. O longamente agardado Paseo Marítimo vai configurándose pola beira litoral, creando algúns atascos en días de bó tempo e provocando a curiosidade de moitos veciños.

Primeiro foi a canalización do río Punxeiro ata a zona na que a lagoa desemboca ó mar. Alí tamén construíron unha escollera para impedir que a area se acumulase na

entrada e provocase obstrucións indeseables.

Tamén se enterraron as novas canalizacións do gas natural e algunha outra conduction.

Outra das primeiras medidas foi peatonaliza-la zona de Miramar, que acabará formando un espazo sen automóbiles entre o mar e a Praza do Arxentino.

Esto provocou algúns cambios na circulación, pois agora para baixar por Celso Emilio Ferreiro desde o Faro

a Santa Cruz hai que dar unha pequena volta polo interior.

Por certo, nesta estrada do Faro tamén están a piques de comeza-las obras de construción de aceras e andéns peatonais, o que provocará algunhas restriccións na circulación.

Tanto os responsables das obras como a Policía Local tentan facer máis leva-deiros estes problemas e favorece-la dilixencia do tráfico.

■ *As primeiras canalizacións fóron as máis complexas, e prevese reduci-los cortes de tráfico*

Duas novas liñas para o interior

Insístese na necesidade de ter máis e mellores autobuses

O Concello enviou á Xunta e ás empresas concesionarias información pormenorizada sobre a planificación do transporte de viaxeiros por estrada, na que insiste na necesidade de 2 novas liñas de autobuses.

Esta iniciativa, coa que queremos mellora-lo transporte público colectivo, é paralela ós estudos que na actualidade se realizan para lograr unha reorganización do transporte mancomunado que ofrezca a tódolos habitantes da comarca un servizo á altura dos tempos de hoxe.

O informe do Concello tamén resalta que resultaría interesante establecer trasbordos normalizados coas liñas que se dirixen á Coruña.

■ *Seguimos agardando un Plan Comarcal de Transporte Público que debe impoñer a Xunta, xa que é a administración competente*

Liña a

- O Seixal
- O Vilar
- Vilanova
- Cruce de S.Marcos
- As Grobias
- Os Vilares
- Morzán
- Fontes
- Campamento
- O Piñeiro
- Oleiros

-- Posible prolongación:

- A Pezoca
- A Barreira
- A Ferrala
- Coruxo

Inverno:

- De 9 a 13 h
- 1 cada hora
- 10 diarios ida e volta

Verán:

- Ata Bastiagueiro
- Tamén polas tardes

Liña b

- A Coruña
- Perillo
- Sta. Cruz
- Franzomel
- Abeleiras
- Arillo
- Vila Clara
- Os Galgos
- Broño
- O Regacho
- Lagoa de Mera

-- Posible variante de volta:

- Cabreira
- Breixo
- Lourido
- Arillo
- Santa Cruz
- Perillo
- A Coruña

- 14 diarios ida e volta
- De 8 a 14 h
- De 16 a 22h
- 1 cada hora

Despois de dous anos de boicot da oposición, o Concello aprobou o Presupuesto, cos votos favorables da Alternativa dos Veciños e dous concelleiros que abandonaron o PP: Antonio Gómez e Jaime Porta

Continúan as obras en 2003

■ *A inversión media por habitante é de aproximadamente 900 euros (150.000 pts), a máis alta de Galicia*

O Pleno Municipal aprobou o Presupuesto de 2003, despois de que os grupos da oposición os boicoteasen os dous anos anteriores, e que o Goberno non chegou a elevar á consideración plenaria vista a súa falta de apoio. As contas deste ano recibiron o respaldo da Alternativa dos Veciños e os concelleiros que abandonaron o Partido

Popular, Antonio Gómez e Jaime Porta, integrantes agora do Grupo Mixto.

Son as contas municipais máis deslumbantes de Galicia, tanto en termos absolutos (41 millóns de euros) como en presuposto por habitante ou en porcentaxe de inversión en obra pública (62%) sobre o total das contas. O crecemento a respecto do último presuposto tamén é importante (un 22%).

A xestión do municipio é saneada e transparente, tal e como demostra o gran pulo económico que presentan as contas municipais.

Os ingresos procedentes do urbanismo permiten unha forte aposta polas infraestructuras de calidade urbana que distinguen ó noso concello.


Gracias ó dinamismo urbanístico, o Concello seguirá subastando o solo que obtén a través da xestión urbanística, favorecendo a edificación de vivendas de protección.

De ahí proceden unha importante porcentaxe dos ingresos do Concello, xa que a fiscalidade mantense na media de municipios semellantes, ou incluso por debaixo deles nalgún caso.

A decidida aposta polas infraestructuras de competencia municipal abrangue a construción de aceras ou plataformas peatonais, equipamentos culturais, educativos, deportivos e de novas tecnoloxías, e a redacción de varios proxectos urbanísticos relativos á recuperación de varias zonas, a compra de solo para ampliar zonas públicas, 15 actuacións en parques e prazas públicas, 19 iniciativas para ampliar as redes de auga e saneamento, 18 novos alumeados públicos, 18 andéns e aceras, 53 reparacións ou asfaltados de vías públicas, e 11 novas urbanizacións.

Un gran esforzo inversor

Dos 40,1 millóns de euros que abrangue todo o presuposto que se xestiona en 2003, destaca que máis da metade (24,8 millóns de euros) se destina a obra pública e inversións reais.



Acera entre Oleiros e Sta. Cruz, executándose

■ *PSOE, PP e Bloque non apoiaron este presuposto, que saeu adiante cos votos da Alternativa dos Veciños e dous concelleiros do Grupo Mixto*

Algunhas cifras de interés para 2003		
	Euros	Millóns de Pts.
Presuposto do Concello 2003	25.900.000	4.309
Presuposto Fundación Municipal de Cultura 2003	2.100.000	350
Presuposto global consolidado 2003	26.200.000	4.360
Urbanización Carballido e Auditorio Mera (aprob. antes)	4.300.000	715
Outras obras públicas xa aprobadas (incorporados)	8.875.000	1.331
Outros gastos correntes de 2003 (incorporados)	755.000	125
Total Presuposto a xestionar en 2003	40.130.000	6.531

Un concello sempre activo

A pesar dos atrancos e tras obter os apoios necesarios, conseguíronse aprobar os presupostos. O Concello non pode quedar parado mentres hai campaña electoral e se constitúe a nova corporación. Si se agardase ás eleccións, o documento entraría en vigor como moi cedo en setembro. Así a axilidade municipal estará lista a mediados de xuño.

O apoio de García e Porta

Mentres os representantes de Bloque, PSOE e PP criticaban rotundamente estas contas, os dous concelleiros que abandonaron o PP dixeran estar satisfeitos, xa que o Goberno Municipal lles presentara directamente as contas, negociaron a incorporación dalgunhas propostas, e apoiaron as contas cos seus votos "porque os nosos veciños non elixiron para colaborar na gobernanación de Oleiros, e non para poñer trabucos na xestión municipal", tal como dixeron no Pleno.

Deportes

- Peche Pista Polídep. Pq. Luis Seoane
- Acondicionar entorno Pavillón Bastiagueiro
- Pista polideportiva en Xardín de Nós
- Almacén Pista Polídep. de Iñás
- Nova Piscina Climatizada
- Cubrición Polídep. IES Miraflores
- Dotación do novo Náutico de Sta. Cristina

Ensino e cultura

- Escola Infantil de Canide
- Ludotecas
- Dotación de Ludotecas
- Mobiliario Casa Etcheverry
- Pintar Casa do Pobo de Iñás
- Persianas Casa Pobo de Perillo
- Ascensor Casa Pobo de Perillo
- Acondicionar Casa Etcheverry
- Reparar Salón Casa Charry
- Restaurar Casa Anexa Colex. Canide
- Ampliar Salón Casa Pobo de Lorbe
- Urbanización diante novo preescolar Oleiros

Prazas e parques

- Mellora e Ampliac. Parque da Lagoa
- Senda Costeira Mera-Canide
- Senda Costeira Perillo-Bastiagueiro
- Acondicionamento camiños Parque Natural Dexo-Serantes
- Ampliación parque Praza Galicia
- Conexión Paseo Sta.Cristina e Ria
- 1ª Fase Paseo da Ria
- Mirador de Dexo
- Renovación Balaustre Paseo Sta. Cruz
- Acondicionar entorno Castelo e portal acceso Marquesinas
- Tertulíarios
- Espacios contenedores lixo
- Mobiliario urbano
- Pantallas electrónicas informativas
- Acond. entorno Cuartel e Casa do Pobo Mera
- Remate axard. Che Guevara (exec. aval)

Proxectos

- Ampliación do Porto de Mera
- Ampliación do Porto de Lorbe
- Acondicionamento do Entorno de Naval
- Novo Auditorio de Bastiagueiro

Saneamentos e auga

- Castelo de Arriba-R. Venezuela (Oleiros)
- Avda Fontedouro-Condús (1ª fase) Oleiros
- Recuperación de fontes e manantiais
- Renovación redes auga rúas Rula e Rialta
- Bombeo auga potable A Edreira (Oleiros)
- Saneamento rúa do Sapo (Nós)
- Saneamento rúa das Ras (Nós)
- Saneamento rúa Bidueiro (Nós)
- Saneamento rúa Os Pingóns (Nós)
- Mellora Colector Regos – Coruxo (Liáns)
- Renovación tubería auga Alexandre Bóveda (Vilanova – Sarro) (Nós)
- Renovación tubería auga Avda. S. Allende (Casa do Pobo– Vilanova) (Nós)
- BY-PASS Mellora suministro auga Arillo
- Prolongación Auga a Proba (Dorneda)
- Saneamento Avda. Salvador Allende (zona As Grobias) (Nós)
- Saneamento rúa Celso Emilio Ferreiro (tramo urbano na Fontenla)(Serantes)
- Renovación tubería auga rúa Mahatma Gandhi (Nós)
- Novo tramo tubería auga rúa Pazo do Río e O Sendeiro (Liáns)
- Caudalímetro depósito A Edreira
- Auditoria da Rede de Saneamento

Aceras

- Xosé Neira Vilas (Perillo)
- Agra-O Cubo (2ª fase)
- O Seixal-Río da Veiga (dereita)
- Rúa Leticia, entre O Cruceiro e a Igrexa
- Igrexa Dorneda-Viñas de Babilonia
- Coruxo Arriba-Coruxo de Abaixo (m.dereita)
- Fonte do Ouro-Campamento (Iñás)
- Campamento-A Xesta (Iñás)
- Campamento-R. da Igrexa (Iñás)
- Capa de Slurry en varias beirarrúas
- Entre Breixo e Canide (Maianca)
- Oleiros-Sta. Cruz, 2ª fase
- Oleiros-O Carballo

Compra de solo

- Paseo de Agramar en Sta. Cristina
- Paseo de Naval
- Paseo 2ª Fase Mera-Espiñeiro
- Parque Metropolitano 3ª Fase
- Outras Sendas Costeiras

Mantemento de vías

O departamento de servicios ten prevista unha partida de uns 200.000 euros para o mantemento de vías e outras pequenas obras de conservación.

Novas urbanizacións

Aportación do 10% das urbanizacións:

- Parcela UE-2 Cividanes Mera
- Parcela nº4 UE 34 Areal Este Perillo
- Parcela Plurifamiliar SUP 1-R O Carballido
- Parcelas UE-30 Sta. Cruz
- Parcela Puente Pasaxe-Sur
- Parcelas UE-6 Cabreira
- Parcelas SUP 2-R Sta.Cruz Meixónfrio
- Parcelas SUP 3-R Perillo
- Parcelas SUP 4-R Oleiros
- Parcela PERI 12 Pousada
- Parcelas PERI 7 -As Cancelas

Outras inversións

- Reforma interior da Casa do Concello
- Modernización do equipamento informático: PCs, Pantallas, conexións, Redes de comunicación, sistemas de seguridade e software ...
- Mobiliario e enseres para o Concello
- Mobiliario e enseres para o Xulgado de Paz
- Lavapés en praias, contedores, ferramentas e utilaxes
- Maquinaria limpeza viaria
- Maquinaria carpintería
- Maquinaria xardinería
- Maquinaria cemiterios
- Vehículos servicio de Alumeados e taller móvil
- Melloras Xardín de Nos (exec. aval)

Ampliación de alumados públicos

- Av. Fonte do Ouro
- R. Avelino Cachafeiro (Coroto)
- R. Avelino Cachafeiro (Vilar)
- R. Xustiza (Coroto)
- R. do Cuco
- R. Seara
- R. Abeleira (Nos)
- Cambio luminarias na Urb. Os Regos
- R. A Proba (Dorneda)
- R. O Real (Dexo)
- Mellora Urb. O Pinar (Nos)
- R. Pazo do Río (Liáns)
- Parque da Capela (Montrove)
- Castelo de Sta. Cruz
- Pr. da Libertade (Nós)
- R. das Ánimas (Nós)
- Mellora no Couto-C.Pobo Dorneda
- R. Federico Maciñeira (Nós)
- Renovar pantallas Colexio Luis Seoane

Vías públicas

- Rotonda centro de Sta. Cruz
- Rotonda no Carballo (Cristo Rey)
- Rotonda en Lucín (Perillo)
- Apertura e urbanización rúa As Garridas (Perillo)
- Ordenación Cruce A Rabadeira(Oleiros)
- Apertura Rúa Fuxeiras (Perillo)
- Restauración de firmes:
- Pazo do Río (Liáns)
- O Sendeiro (Liáns)
- A Poza (Dorneda)
- Urb. A Granxa (Dexo)
- R. O Valiño (Nos)
- R. As Lagarteiras (Liáns)
- R. A Cascaxeira (Liáns)
- R. Aba e aldea de Aba (Dexo)
- R. O Ensino (Nos)
- R. Subiña (Dexo)
- R. As Palomas (Dexo)
- Acceso ó cemiterio de Liáns
- R. Giner de los Ríos (Nos)
- R. Aguarriño (Dorneda)
- R. O Cruceiro (Dorneda)
- R. Pinar do Río (Serantes)
- R. do Traballo (Nos)
- R. do Piñeiro (Iñás)
- R. do Saber (Liáns)
- R. María Casares (Liáns)
- R. A Concheira (Maianca)
- R. do Xabre (Serantes)
- R. Pardo Conchado (Oleiros)
- Entorno Praza Rabadeira (Oleiros)
- R. Gaivoteira (Liáns)
- R. Garrucha (Liáns)
- R. Naval (Liáns)
- R. Avelino Cachafeiro, de Vilar a Coroto (Nos)
- R. As Milleiras (Dexo)
- R. do Sapo (Nos)
- R. Sto. Domingo (Dorneda), 1ªfase
- R. de Marro (Dorneda)
- R. Abelleira (Nos)
- R. Campo do Souto (Iñás)
- R. do Aro (Dorneda)
- R. Talagra (Dorneda)
- R. A Bouza (Dorneda)
- R. As Cebolas (Dorneda)
- R. Castro de Xaz (Dorneda)
- R. do Raposo (Aba-Dexo)
- R. O Regueiro (Serantes)
- R. Alexandre Bóveda (Nos)
- R. O Leirón
- R. Federico Maciñeira (Nos)
- R. Xuncos (Nos)
- R. As Grobias (Nos)
- R. Os Cabaleiros (Nós)
- R. A Raposeira (Iñás)
- R. O Tarreo (Dexo)
- R. Os Pingóns (Nos)
- R. As Pedras (Dorneda)
- Costa de Maianca-O Lourido
- R.Cangadas de Riba (Serantes)
- R. Cangadas de Baixo (Serantes)
- Seguridade Vial R.do Mar e Av.Jiménez Herrero
- R.Meixón Frio (Liáns)

Enquisa sobre a calidade dos servizos municipais

Aprobado alto

A enquisa realizada en Oleiros para medir a calidade dos servizos municipais saldouse cun aprobado alto. Publicamos algúns dos resultados. Se desexa máis, pode obtelos en www.oleiros.org.

■ A atención dispensada nos centros municipais, a súa calidade e utilidade, o máis valorado

■ A vida municipal

■ **¿Como valoran os nosos veciños as xestións municipais?** En liñas xerais, estamos satisfeitos, pois as puntuacións fóron as seguintes:

- Sanidade 7
- Cultura e educación 6,8
- Seguridade cidadá 6,1
- Deportes 6,6
- Medio Ambiente 6,6
- Servizos sociais 6,6
- Parques e paseos 6,7
- Alumeadado público 5,9
- Limpeza, saneamen.,etc 5,8
- Formación e emprego 5,8
- Urbanismo 5,7
- Correos 4,9
- Estradas 4,7
- Aparcadoiros 4,6
- Transporte 4,5
- Rúas, aceras e camiños 4,4

■ A utilización dos servizos que poñemos ó alcance de todos

- Centros de saúde 84,3%
- Espacios de ocio 73,3%
- Act. lúdicas e festivas 53,1%
- Bibliotecas públicas 37,6%
- C. cívicos municipais 35,1%
- Inst. deportivas 32,6%
- Centros de s.sociais 15,4%
- Servizos emprego 13,2%
- Servizos mocidade 13,0%

■ Qué se valora dos centros municipais?

- A atención dispensada 21,1%
- A súa calidade e utilidade 20,6%
- Ofertas de activ. ou asistencias 19,6%
- A súa adecuación ás necesidades dos cidadáns 8,1%
- Que sexa gratuito 6,7%
- O estado dos recursos e das instalacións 5,7%
- Os horarios de apertura 5,3%
- Outros aspectos 2,9%
- Non sabe/non contesta 10%

■ Suxerencias

- Máis actividades 18,4%
- Máis información e promoción 10,3%
- Mantemento e melloras nas instalacións 9,2%
- Mellorar os accesos e ubicación 8,0%
- Máis centros 6,9%
- Ampliar horarios 4,6%
- Ampliar persoal 2,3%
- Que cheguen a máis xente 2,3%
- (Non sabería dicir 20,7%)
- Todo está ben 10,3%
- Outras suxerencias 6,8%

Un concello vivo

Preguntamos ó novo conselleiro pola Vía Ártabra

A falta de solución ós graves problemas de tráfico que padece Oleiros especialmente durante o verán fixo que nos dirixisemos ó novo conselleiro de Ordenación do Territorio, Alberto Núñez Feijóo, interesándonos polo estado da tramitación do Plan de Estradas da área metropolitana da Coruña, presentado xa hai anos ante o goberno autonómico.

A resposta foi rápida: o novo responsable enviou unha carta na que dí que se están estudando técnicamente as alegacións presentadas, e que antes de xullo ofrecerán unha proposta que conxugue tódolos intereses municipi-

pais.

Como pode lembrarse, a Vía Ártabra é unha vella reivindicación dos veciños de Oleiros, cansados de agardar colas de vehículos, especialmente no verán cando cidadáns de toda a comarca invaden as estradas á saída das praias.

Esta vía, que unirá Lorbé coa A9 polo cordal dos concellos de Oleiros e Sada, é tamén clave para o desenvolvemento do norte do municipio, en especial do porto de Lorbé, un importante enclave económico con moita proxección de futuro e que necesita vías rápidas de transporte por estrada.

Outras mello-
ras de tráfico
contempladas no
plan comarcal
ubícanse na
zona do Clube
de Tenis, cunha
nova variante
para conecta-
la N-VI coa
A9, así como
circunvala-
cións para
Mera e
Santa Cruz.



Cooperación Internacional

Proxectos para axudar ós países máis necesitados

Aínda que o pasado ano a falta de aprobación dos orzamentos de 2002 por parte dos grupos da oposición imposibilitou ó Goberno Municipal a continuación da política de cooperación que dende o Concello se viña efectuanado, ésta volverá a funcionar.

Nos novos orzamentos aprobados recentemente,

contéplase unha partida destinada á axuda a países pobres do mundo. A partida que destinan a tal fin os orzamentos do Concello para este exercicio é de 89.289 euros, 14.856.000 pesetas.

Como xa viña sendo habitual en anteriores anos, estas axudas concédense a través dunha convocatoria

do Concello para que tanto ONG`S como outras entidades con programas de colaboración con países necesitados soliciten as axudas que estimen presentar

A prioridade dentro destes programas de cooperación atópase en países América Latina e África, para proxectos prioritariamente destinados ou relacionados

con temas de sanidade, educación ou servizos básicos para a subsistencia.

O Concello ostenta a presidencia do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade constituído por 59 Concellos e Deputacións da Autonomía Galega, dato que demostra o interese por parte do Concello neste tipo de asuntos

Un lugar de reunión para os nosos maiores

O Clube Etcheverry, en acción



Dous membros do clube comparten tertulia

Todo comezou un día nunha reunión de amigos, cansos de non ter onde ir, de non atopar un sitio para reunirse, onde sentarse de tertulia ou a xogar a algo. Decidiron buscar un local, un lugar onde montar unha organización de maiores. Pero isto era demasiado complicado, o principal impedimento, como en tantas outras ocasións eran os cartos.

Así que decidiron acudir ó Concello a plantexa-la súa idea, que como di algún dos promotores, foi acollida con simpatía.

Desde o Concello puxéronse mans á obra para atopar un local,

nun principio barallábanse tres posibilidades: a antiga Casa da Xuventude, unha casa perto da Ría e a casa Etcheverry.

Unha vez decidido cal sería o local, comezou o adecentamento, pintouse, puxéronse mobles, arranxáronse os baños, aínda que todavía faltan algunhas cousas a Casa Etcheverry é dende hai cousa de tres meses unha realidade.

Xestionada polos socios, que reciben o nome de Asociación Os Decanos, está aberta de 13 a 14 horas pola mañán e de 17,30 a 20,30 pola tarde e conta cun pequeno bar, salas de xogos e

incluso unha zona de televisión, tamén instalada polo Concello.

A Casa énchese a diario polos maiores da zona de Santa Cristina que acuden ás tertulias, a xogar as cartas, xadrez, parchís, a ler o xornal ou para ver televisión. Calquera persoa maior do concello pode acudir alí.

O dato curioso é que na mesma Casa pero no piso de abaixo, os máis xóvenes organizan festas as fins de semana, xa que este lugar forma parte do circuito de Casas para festas que o Concello pon a disposición da xente moza.

Dende hai tres meses está a funcionar na Av. Che Guevara, fronte ó hotel Brial, este novo local onde os maiores invirten os seus momentos de ocio en tertulias, xogos e voluntariado.

Proxectan unha escola superior de economía en Iñás

Iñás será en pouco tempo un referente económico de primeira liña. Alí ten a súa sede o prestixioso Clube de Economía que leva o nome da parroquia, auspiciado por Caixa Galicia e que ocupa o Pazo de Abella, un venerable edificio restaurado por iniciativa privada.

Relacionado con él nacerá unha escola de altos estudos económicos, nunha zona da ampla finca que ocupa o Pazo, entre a rúa Molina e a Av. das Mariñas.

O conxunto da propiedade será urbanizada, e nela terá cabida un parque público de uns 7.000 m² que pechará de noite, como o de Santa Cristina. A entidade financeira, ademais, farase cargo do seu mantemento.

A este novo parque hai que engadir o que se construíra en breve anexo ó Polígono Iñás Empresa.

A túa música.
A túa información.
Os teus dereitos.
A túa liberdade.
Os teus sentidos.
A túa paisaxe.
A túa compañía.
Conecta con nós.

101.5 fm

**RADIOOLEIROS**



Case 300 xóvenes participaron na II Edición de Ocioleiros

Ocioleiros, unha noite distinta

A alternativa ó ocio nocturno plantexada desde o Concello está a acadar un grande éxito de participación, ata o punto de que nalgunhas actividades houbo que montar máis turnos dos programados para cubrir a demanda.



A Xuventude quere comer ben

Da man de Yuri Huanay Escobar, cociñeiro do Centro Municipal de Formación, máis de 100 xóvenes introducironse no mundo culinario.

Sorprende na organización este éxito de participación na actividade de cociña, polo que houbo que ampliar tanto os horarios como os lugares a celebrar estes cursos. O mundo no que vivimos fai que cada vez máis a nosa xuventude deba ser cada vez máis autosuficiente e isto pasa tamén porque todos aprendan un pouco a desenvolverse nunha cociña, aínda que sexa para preparar algunha sinxela receta.

Pintura é fermosura

Entre as actividades culturais englobadas dentro de Ocioleiros atópase tamén a de Pintura, na que unha das cousas máis interesantes resultou que non era necesario saber pintar para participar, tan só aportar entusiasmo e gañas de introducirse no mundo da pintura e o debuxo, polo que calquera, a pesar de non dominar a técnica puido participar e pasar un bo rato ó tempo que aprendía.

Neste caso foi Mariluz García quen adestrou na Casa da Cultura de Perillo ós 35 rapaces que participaron na actividade, ensinándolles técnicas do óleo, acuarela...

Movendo os pés

A terceira das actividades culturais foi a de baile de salón, onde 9 parellas xúntase dende as dez da noite para aprender novos pasos coa axuda da monitora de baile Paula Gelpi.

E todo isto por só 1euro por participar en cada actividade, que ademáis da dereito a participar

Naceu Ocioleiros coa intención de fomentar unha serie de valores como a participación, os vínculos de amizade entre os participantes e o compañeirismo, tendo como punto de partida os rapaces de Oleiros entre 18 e 30 anos e unha franxa horaria dende as nove da noite.

Persegue como principal obxectivo ofrecer unha alternativa ós vicios dunha parte da xuventude como o alcohol e as drogas moitas veces asociados ó ocio nocturno.

O programa atópase dividido en tres grandes bloques:

- **Actividades deportivas** que agrupan fútbol

sala, tenis de mesa e baloncesto 3x3.

- **Actividades lúdicas**, dentro delas é o mus a única que se leva a cabo.

- **Actividades culturais** como cociña, pintura e bailes de salón.

Estas actividades lévanse a cabo nas instalacións do Concello: Pavillóns, Casas do Pobo e o Centro de Formación.

Queremos destacar nesta ocasión a parte das actividades culturais, polo gran número de participantes que acadaron. Neste tipo de actividades os xóvenes que as seleccionan teñen a oportunidade de aprender ó tempo que pasan un bo rato cos amigos e coñecen outra xente.

■ *Nalgunhas actividades houbo que facer varios turnos*

Convocatoria de Servicios Sociais

Actividades para todos

■ *En tódalas Casas do Pobo hai actividades para o conxunto dos veciños*

Ximnasia de Mantenemento

Exercicio para os maiores que a través de actividades lúdico-creativas traballan as posibles carencias de falta de exercicio coa idade, facendo exercicios de mobilidade, flexibilidade, equilibrio, coordinación, ritmo ou respiración.

Ludoteca

Trátase dun espazo de diversión no que se pretende romper co aburrimiento ó tempo que se estimula a memoria e mellora a concen-

tración. Ten lugar na casa da Cultura de Perillo e na Casa da República de Oleiros.

loga e Relaxación

A través de milenarias técnicas orientais os participantes inicianse na aprendizaxe de técnicas de relaxación e respiración que lles axudarán a acadar un beneficio tanto físico como mental.

Obradoiros de Memoria

Traballar coa mente, excitar e manter as actividades cognitivas axuda a estimular

a capacidade mental, nestes talleres que se celebran no Centro Social de Santa Cruz

Obradoiros Ocupacionais

Especialmente dirixidos ós colectivos con maior necesidade de ocupar o tempo de lecer, as actividades foron adaptándose as esixencias e suxerencias dos nosos veciños, puidendo elixir entre: tapices de tear e macramé, corte e confección, manualidades, encaixe de bolillos.

A inauguración serviu para anunciar que próximamente crearánse outras dúas: en Mera e Perillo

Aberta a Escola Infantil de Galeras

A finais do pasado mes de marzo e como resposta á gran demanda deste tipo de centros,

a Nova Escola Infantil Municipal As Galeras abríulle as súas portas ós 87 nenos que a disfrutarán ata final de curso



Esta nova escola atópase ubicada dentro do ámbito de As Galeras, fronte ó instituto María Casares, dispón dun edificio de 850 m² instalados nunha parcela de 5.000 xusto a carón do mar, no novo Parque das Galeras. Os pequenos disfrutarán dun ambiente mixto entre campo e mar inmejorable. Ademais dispón de varias aulas segundo a idade dos alumnos, unha zona común de xogos unha zona para bebés e unha cociña totalmente equipada.

As Galeras ten capacidade para un total de cen nenos en horario de oito da mañá a oito da noite ininterrompidamente, ademais estará aberta ata as seis da tarde durante os meses de verán e acollerá a nenos ata seis anos.

Costes

O coste do edificio foi de 425.000 euros que foron aportados pola promotora da urbanización como carga urbanística. Por outro lado o Concello puxo o 77% dos


132.000 euros destinados a mobiliario, dos que a Xunta aportou o 23% restante.

Futuro

O Concello ten previsto abrir no prazo mínimo posible outras dúas escolas infantís, a primeira delas en Mera. No recinto da escola de Canide mercouse unha finca cun edificio ó que se trasladarán os alumnos de prescolar de As Brañas, Destinándose este centro ós nenos de 0 a 3 anos.

Por outra banda, está tamén o proxecto de facer outro centro na urbanización O Carballido, no alto de Perillo, moi similar á de As Galeras, tanto en número de prazas como en características das instalacións.

Debido á gran demanda de prazas o Concello avisará con tempo para que tódolos pais interesados en inscribir ós seus fillos nestes centros educativos poidan facer as súas previsións.



tes can?

Se paseas co teu can,
**leva unha bolsa de plástico para
recolle-lo que defeca o teu amigo.**

Non é xusto que os parques, paseos e aceras
aparezan suxos con dexeccións de cans.

Ademais, lembra que o can pode
asustar a quen pasea, polo que
é necesario levalo con cadea.

Das táboas ós proxectores

A tempada de Teatro

Temos que decirlle adeus ó Teatro de as Torres para darlle un forte Hola á temporada de cine que se nos avecina.

Dende a Fundación Municipal de Cultura sempre se fixo unha forte aposta polo Teatro, comezando por función esporádicas ata chegar, por segundo ano consecutivo a unha programación de teatro estable que está a conseguir cada vez máis adeptos a esta expresión artística no Concello.

Durante o primeiro trimestre deste 2003 levouse a cabo a segunda parte da actividade teatral correspondente á Programación de Outono-Inverno. Ó longo deste período os asistentes á sala de Teatro de As Torres tiveron a ocasión de disfrutar de diversos títulos como Unha versión abreviada das obras de Shakespeare, unha comedia musical titulada Ratman e Robin, a traxicomedia A Conxura dos Necios ou outras con suxerentes títulos como Pervertimento, Malicia, ou A Gran Ilusión.

Ó módico precio de 1,20 euros tódolos veciños que así o quixeran pasaron por as Torres, tivemos unha media de cen espectadores por función, o cal está moi ben tendo en conta que o aforo é de 150 personas. Destacaron as obras interpretadas polos grupos Bacana, Sarabela e teatro do Morcego que encheron ata a bandeira.

Os números non son sempre os que mellor falan e a mellor mostra de que o Teatro é xa unha realidade na vida cultural do noso é o grupo de Teatro formado por mozos e mozas do Concello que xa sacaron adiante 3 obras

■ *Se queres formar parte do Grupo Estable de Teatro infórmate no Departamento de Cultura do Concello no 981 610 000.*

E agora... Cine de primeira

Unha vez rematada a temporada de teatro, na que centos de veciños pasaron polo salón de As Torres de Santa Cruz a vivir momentos especiais e entrañables, dende a Fundación Municipal de cultura xa teñen disposta a banderola de cuadros que vai dar a saída á temporada de cinema.

Entre os meses de abril e maio o Auditorio de A Fábrica acollerá nove filmes do máis variado que de seguro farán rir, chorar, pensar, sentir ó fin e o cabo a tódolos que asistan a emisión destas pezas do séptimo arte.

O lugar de proxección de tódolos filmes será o Auditorio de A Fábrica en Perillo ás nove da noite e o prezo para asistir de 1,80 euros. Esperámoste para que disfrutes do cinema no Concello.

Iniciativas dos Xóvenes

O grupo estable de Teatro

Alá polo ano 99 un grupo de estudantes dos Institutos de Oleiros propoñíanlle ó Concello a posibilidade de que se impartisen clases de Teatro fora da xornada escolar e soñábase coa posibilidade de poñer unhas bases para a creación dunha Escola de Teatro Municipal.

Lino Braxe e Flor Maceiras foron os encargados de impartir este primeiro curso, que acadou un grande éxito de participación e resultou moi positivo para os alumnos, que o ano seguinte decidiron, en colaboración co Concello, formar o Grupo Estable de Teatro Concello de Oleiros.

Ulises o Grego foi a súa ópera prima, e acadou moito éxito chegouse incluso a representar noutros municipios, depois de diferentes representacións, algunha delas dirixida ó público infantil, neste momento están a preparar "A Voda", dirixida por Lino Braxe e Flor Maceiras, que continúan a formar ós xovenes actores.

A Fundación Municipal de Cultura sempre estivo moi interesada en fomentar a actividade teatral, como demostran as campañas levadas a cabo nos Centro de Ensino Público, onde todos os escolares do Concello tiveron a oportunidade de acudir en directo a estes espectáculos. Os resultados foron moi positivos, pois o Teatro foi unha das actividades extraescolares máis solicitadas.

Toda esta inquedaanza e interés pola interpretación levou a formar o Grupo Estable de Teatro, que ten as miras postas para que nun futuro podamos contar cunha Escola de Teatro Municipal.

Carteleira de Cine

Data	Filme	Dirección	Artistas principais
4 Abril	Minority Report	Steven Spielberg	Tom Cruise, Colin Farrell, Max Von Sydow
5 Abril	Hable con ella	Pedro Almodovar	Javir Cámara, Leonor Watling, Darío Grandinetti
12 Abril	Poniente	Chus Gutierrez	Cuca Escribano, José Coronado, Antonio Dechent
26 Abril	Lugares comunes	Adolfo Aristarain	Federico Luppi, Mercedes Sampietro, Arturo Puig
3 Maio	El otro lado de la cama	Emilio Martínez Lázaro	Paz Vega, Natalia Verbeke, Paz Vega, Willy Toledo
10 Maio	El Viaje de Carol	Inmanol Uribe	Lara Lago, Juan José Ballesta, Álvaro Luna
16 Maio	Os Luns ó sol	Fernando León	Javier Bardem, Luis Tosar, José Ángel Egido
24 Maio	El Pianista	Roman Polanski	Adrien Brody, Thomas Kretschmann
31 Maio	El jardín de la Alegría	Nigel Cole	Brenda Blethyn, Graig Ferguson, Martin Clunes

Actividades programadas polo Centro de Información Xuvenil

Desde A Fábrica a...

Mira ás estrelas

Obradoiro de astronomía que terá lugar os días 16, 23 e 24 de maio. Os dous primeiros días son teóricos e desenvólvense no Centro de Información Xuvenil na Fábrica, mentres que o día 24 está prevista unha saída para aplicar os coñecementos adquiridos.

Ciclo de Conferencias

Dentro do ciclo de Conferencias que leva a cabo o CIX o vindeiro día 9 de maio, Día de Europa, ás 20.30 no Auditorio de A Fábrica Diego Varela dará unha charla que baixo o título A Xuventude ante a nova Europa achegará ós asistentes á realidade europea en temas de educación, intercambios, bolsas, traballo.

O 15 de maio será Xurxo Souto o conferenciante, que falará da Coruña e os seus contos, esta conferencia atópase enmarcada dentro dos actos do Concello organizados con motivo do día das letras galegas.

Descubre Oleiros

Fotografía na Natureza.

Coa intención de acercar a tódolos rapaces ó mundo da fotografía, nace este obradoiro dirixido a maiores de 14 anos que farán unha saída polo Concello retratando aqueles lugares que consideren os máis bonitos os días 27-28 xuño e 4, 5 e 11 de xullo.



Andares por Galicia

Durante todo o ano realízase cada mes unha saída de sendeirismo, despois de visitar lugares como Valdoviño, Barbanza, Santiago ou a Serra de Montouto, xa hai previstas novas saídas, as próximas: 24 de maio O Courel, 21 de xuño Costa da Morte, 19 de Xullo O Courel II, 23 de agosto Terra Chá, 13 de setembro A Capelada, 18 de outubro Camiño de Santiago: Fisterra - Muxía, 15 de novembro Camiño de Santiago: Fisterra Muxía II. 13 de decembro rota sorpresa.

De cara ó mes de agosto estase preparando unha excursión de catro días para rapaces de entre 14 e 18 anos. No tocante ós maiores de 18 anos está prevista para o mes de setembro unha viaxe a Andalucía.

Letras Galegas

Actos para o 17 de maio

Este ano polo día da letras galegas vai ser homenaxeado o escritor Antón Avilés de Taramancos. Autor nado no ano 1935 na aldea de Taramancos (Concello de Noia) e creador de obras como Pequeno Canto, Poemas Soltos a Maricarme Pereira e Poemas da Ausencia.

Como ven sendo habitual nos últimos anos dende o Concello vanse realizar unha serie de actos de celebración deste día.

O lugar elixido para a celebración é o Parque Xosé Martí de Santa Cristina onde haberá durante todo o día exposicións e demostracións de artesanía como Alfareiría, Cestería, Palilleiras e Tapices.

Durante a mañá están previstas as actuacións dos grupos de baile do

Concello, así como xogos e bailes dirixidos ós máis pequenos e que correrán a cargo de grupos de animación.

Xa pola tarde o parque vai ser encher con actuacións de carácter circense representado polo grupo Os Quinquilláns, que se completarán coas actuacións de máis grupos de baile de Oleiros.

A iso das oito da tarde o Grupo Estable de teatro interpretará poemas do Autor homenaxeado e o fin de festa tócallo ó grupo de folc Marful que interpretarán musical dos repertorios de principios do século XX que se interpretaban en Galicia, inspirándose e tamén recuperando pezas das orquestras galegas dos anos trinta.

Centro Municipal de Formación

Ciberaulas

Coa intención de acercar un pouco máis a tódolos veciños ó mundo da informática naceu hai medio ano no centro de Formación Isaac Díaz Pardo a Ciberaula. Na que se imparten diferentes cursos a través dos que o alumno acadará algo máis de pericia co ordenador, básico no momento en que vivimos.

Neste momento hai algúns cursos en marcha que te poden interesar:

Word e Internet: Cursos de 8 horas
 Datat: 12-22 maio e 26 maio-5 xuño
 Internet e correo electrónico
 Datat: 7-10 de abril, 12-15 maio e 9-12 xuño.

O número de prazas para cada curso é de 10, para que desta maneira cada alumno teña o seu ordenador. Se estás interesado en apuntarte nalgún deles só tes que chamar ó Centro de Formación 981 610 319.

Naceu a guía do deporte escolar

Conscientes da íntima relación entre o deporte e a educación, dende o Servizo Municipal de deportes elaborouse un programa de Deporte Escolar moi completo que ten en en conta non só as disciplinas máis clásicas, senon tamén outras máis modernas e demandadas polos rapaces.

Inclúense actividades divertidas, no medio natural e que se apartan un pouco das máis habituais. En resposta as inquiredanzas dos alumnos, elaborouse un programa no que se inclúen máis actividades náuticas, acuáticas e de aventura, sen esquecer os gustos dos máis tradicionais.

En total son uns 3000 rapaces que ocupan as aulas dos centros de ensino público, desde infantil a secundaria e este programa está elaborado para eles. Estas son as actividades:

Ligas Escolares

Futbito: 6 a 12 anos, de Colexios ou Entidades Deportivas. Con regras específicas para fomentar a socialización e comportamento deportivo dos participantes.

Hockey Sala: Rapaces de 6 a 12 anos. Naceu a raíz dunhas xornadas de convivencia celebradas catro anos atrás en colaboración co Adaxe Club de Hockey.

Torneo de **tenis de mesa:** Deporte con grande aceptación entre os rapaces, que este ano despútese a terceira edición.

Escolas de Natación

Dende hai dez anos estase a potenciar esta actividade acuática, e hoxe son moitas as actividades que se realizan.

Novos Deportes

Deporte+Natureza: Co Sendeirismo os alumnos poden divertirse coñecendo lugares de interés. Para admiralo perfil costeiro ó tempo que se fai deporte, o Kayak axúdalles a disfrutar do medio sen grandes desprazamentos. Organízanse varias excursións ó Ulla para facer Rafting. A Escola Municipal de Remo conta con máis de cincuenta rapaces entre oito e dezaioito anos.



A costa en kayak

De cara ó verán e o bo tempo, xa se están preparando actividades de deporte ó aire libre, dacordo coas inquiredanzas por parte dos usuarios das actividades deportivas acerca de novos deportes en especial en contacto co par nace esta nova actividade que vai combinar unha vez máis deporte e natureza, a bordo dun Kayak, os participantes poderán coñecer as costas de Oleiros.

O kayak é unha embarcación de remo similar a unha piragua e algo máis sinxela de dirixir, perfecta para os que non dominan moito o deporte no mar ou para os que se queiran mergullar nas augas ó tempo que visitan fermosos lugares que tan so se poden dende a auga, novedosa maneira de visitar lugares.

Estras saídas están previstas para facer en fin de semana, haberá catro excursións que coincidirán cos sábados que se indican a continuación:

10 de maio de 16.00 a 20.00 horas

31 de maio de 10.00 a 14.00 horas

07 de xuño de 10.00 a 14.00 horas

28 de xuño de 10.00 a 14.00 horas

Todas estas saídas realizaránse desde as novas instalacións náuticas da Praia de Bastiaqueiro, nas que se van organizar tamén en breve cursos de Surf e Body Board.

Unha enquisa para mellorar

En Deportes estase realizando un estudo para coñecer a opinión dos usuarios sobre o funcionamento das piscinas da Fábrica e do Complexo Deportivo de Perillo.

A través dunha enquisa enviada ós abonados, esperan recabar información para poder presta-lo mellor servizo ós veciños ó tempo que se melloran as infraestruturas das instalacións unha vez coñecidas as súas opinións.

Hai preguntas acerca da hixiene e temperatura da auga, os horarios, o trato do persoal, e o estado das instalacións, dos vestiarios. Ademais, calquera pode realiza-la súa suxerencia.

Unha vez cuberta pódela deixar nos buzóns das piscinas e ser por algunha razón non te chegou por correo e queres respostar, podes pedirlla ó conserxe da piscina.

Programa Municipal de Asesoramento Físico ó veciño

Oleiros en forma

Inscríbete de forma gratuíta a partir do 5 de maio personalmente ou por teléfono en A Fábrica (Muelle do Inglés-Perillo) 981 636 598

¿Eres maior de 18 anos? ¿Queres poñerte en forma? ¿Necesitas asesoramento? Conta connosco.

O programa "Oleiros en Forma" nace promovido polo Servizo Municipal de Deportes como unha nova actividade coa que asesorar a todos aqueles que desexen facer deporte pola súa conta e carezan de moito tempo ou non saiban por onde empezar.

Nas instalacións de A Fábrica o Servizo Municipal de Deportes pon a tua disposición:

O beneficio principal deste programa atópase na posibilidade de facer deporte cando e

onde un o desexe.

Trátase dun servizo personalizado a través de consultas gratuítas realizadas por profesionais licenciados en educación física expertos en programas de actividade física para a saúde.

Nas instalacións de A Fábrica o Servizo Municipal de Deportes pon a tua disposición:

- Avalacións antropométricas, posturais e podométricas, de condición física e de hábitos de vida saudábeis.


- Programas de adestramento individualizados e adaptados ás necesidades e obxectivos de cada persoa.

- Prescribir actividade física e exercicio incorporados dentro da vida diaria para os que tendes pouco tempo.

- Asesorar ós veciños e resolver dúbidas sobre temas relacionados coa actividade física en xeral.

Se tes máis de 18 anos e estas empadroado no Concello non o dubides, apúntate.

A través deste programa nós imoste suxerir propostas, poremos a túa disposición o material que e as instalacións, faremos avaliacións periódicas e modificacións do programa ata conseguir os obxectivos establecidos. A cambio ti poderás facer exercicio cando e onde mellor te conveña.



Escolma de 8 rotas para coñecer Oleiros elaboradas polo Centro de Información Xuvenil

Percorrendo Oleiros I 3

En bici de montaña


Unha nova proposta para coñecer a fondo o teu Concello, esta vez sobre dúas rodas.

1 A xornada comeza en Santa Cristina, onde marcaremos a saída, dende eiquí e subindo hacia Santa Cruz colleremo-lo carril bici ata Santa Cruz.

2 Alá polo Km. 2`8 atópase Santa Cruz. Neste pobo o paseo empeza no Hotel Porto-Cobo. Despois o roteiro desenvólvese pola praia, O paseo da Pardela, O Castelo, O Restaurante O Pote, Rua A Poza, a Agueira, Aguarriño, Rua da Chave e a Rua das Cebolas.

3 No Km. 5`1 atopámonos co Cruceiro e a Igrexa Parroquial de San Martiño de Dorneda. Nesta zona o percorrido trázase pola estrada Santa Cruz-Mera, podendo disfrutar da Casa do Pobo de Dorneda, Urbanización Rialta, Parque Nicolás Redondo, Rua do Moucho ou o Polideportivo de Rialta.

4 Despois o roteiro seguirá por Maianca, podendo destacar a fermosa igrexa coa que conta. Tamén pasaremos xunto unha casa co nº 21 chamada "A Escola" e a Rúa da Concheira. En Fornos subiremos por un camiño de terra ata chegar ao alto xunto a unha casa co nº 22. Ó virar á esquerda atoparemos unha pista de terra que nos levará á aldea de Aba. Ó saír de Aba tomaremos a estrada que vai de Mera a Lorbe, para poder chegar a este último pobo no Km. 12`1.



5 En Lorbe pásase por diante da Casa do Pobo, o "Bar Amigo", a Fonte ou a "Perruquería Hermosinda". No Km. 13`5 pódese recrear á vista coa fermosísima paisaxe con que nos agasallan as Rías de Ares e Betanzos. Ós 400 metros tomamos unha bifurcación que nos levará a Dexo onde poderemos disfrutar da riqueza paisaxística e natural da súa Costa.

6 Depois de pedalear un km. máis a recompensa será a impresionante vista dos acantilados de Dexo diante da Illa da Marola e da cidade de A Coruña dende a punta do Seixo Branco. Ó chegar a Canabal entramos nunha pista asfaltada que nos levará ata unha fonte con lavadoiro onde poderemos refrescarnos.

7 En Mera percorrерemos a pequena estrada que leva ata a praia. Pasaremos por un piñeiral, o campo de fútbol, o Camiño do Agurniño, a estrada Mera-Lorbe, Rua das Patiñas, a estrada Mera-Veigue, Rua Areosa...


8 Xa en Broño tomaremos o camiño que nos leva ata a Urbanización Rialta, para facer despois o mesmo percorrido que utilizamos na ida. Ó saír de Rialta iremos a Casa do Pobo, colleremos a estrada Santa Cruz-Mera, e volveremos a atoparnos coa Igrexa de Dorneda. Pobos como Aguarriño, Agueira e Santa Cruz serán destino, de novo, da nosa bici de montaña.

9 Ó chegar de volta ó peirao de Santa Cristina remataremos a nosa excursión da quen sen dúbida manteremos un bo recordo e poida que repitamos.

Sinais

Ó longo do roteiro atoparás distintos sinais que che indicarán o camiño correcto a seguir. Son estes:

Roteiro principal



Boa Dirección



Mala Dirección



Boa Dirección



Desvío



Desvío



Desvío

Parque encantado en Montrove



■ *No estómago de Montrove agóchase este parque que ben merece unha visita sosegada*

A recente reforma da chamada Finca Ibarrola trouxo consigo un bonito conxunto natural no que se inclúen a capela, os xardíns de San Paio e o que quedaba en pé do propio pazo, unhas ruínas que se consolidaron.

A forma máis sinxela de chegar é baixando pola estrada que hai fronte á Casa da Cultura de Montrove, veremos un letreiro á dereita que indica Capela de San Paio. Unha vez que baixamos, xa atopamo-lo parque.

Na parte alta sitúase a Capela, restaurada hai xa anos. Detrás desta capela está a Praza da Constitución, na que hai un pequeno miradoiro sobre o parque e dende o que se pode ver case todo o conxunto.

Dende esta pequena praza cae o agradable xardín que xa existía no lugar, na que poderemos atopar unha parte de bancadas, así como unha zona de columpios para os máis pequenos.

Da outra parte aparece a zona nova, amurada, con coidados parterres e profusa vexetación pacega. Engadíronse pasadizos de madeira para acceder, un deles na parte máis baixa, que cae xusto enriba do vello lavadoiro de roupa, que ten unha nova cuberta de madeira.

A novidade máis senlleira é o remate das obras de consolidación das ruínas do pazo, co seu vello pombal, e que lle aportan ó lugar un aire romántico e un tanto misterioso.

O Pazo recibía distintos nomes, o Pazo da Capela, por atoparse a carón da de San Paio, o Pazo de Ibarrola, por ser esta familia uns dos seus habitantes e o Pazo da Fonte, pola que antigamente había dentro do recinto.

A familia Ibarrola fixou a súa residencia en Oleiros alá polo ano 1765, procedentes do País Vasco contruíron en Montrove unha casa solarenga que aproveitaba a súa proximidade co río, pois atópase no mesmo manancial.

Alí deixaron unha fonte, á que tódolos veciños se achegaban a recoller auga. Parece ser que un pouco cansos de tanta visita, decidiron cederlle ós veciños o terreo onde estaba a fonte para que desta maneira non tivesen que entrar na finca. Esta é a razón polo que esta edificación recibe o nome de Pazo da Fonte, aínda que tamén sexa coñecido no lugar por outros nomes.

A mediados dos 80 o edificio incendiouse e quedou abandonado. O Concello expropiou os terrenos e propúxose amplia-lo parque da Capela con esta fermosa finca que destacaba pola súa variedade arbórea.

As obras fóron complexas, pois quixo restaurarse sen afectar á estrutura básica do vello xardín, conservando e mesmo potenciando o seu carácter romántico e intimista.

A última fase foi a consolidación das ruínas do pazo, nas que traballaron con moito mimo para aseguralas e que ofrezcan ese aspecto decadente. Consolidáronse as paredes, unha escaleira de pedra, as ménsulas, unha chimeña, os ocos das xanelas, os aleróns con tella e as portas con arco

Fonte, igrexa, finca solarenga, historia, natureza...forman parte do conxunto do Parque da Capela. Disfrutádeo.



Papeis e cartóns, ó caixón azul

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, ó contedor de tapa verde

Inertes, ó contedor de tapa laranxa.

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores

Lembra!

- Non tire-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
- Respeita os horarios (entre 9 e 12 da noite)

Un servicio municipal xestionado polo Consorcio As Mariñas. Tlf. 981 783 455